

Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Subvencións e axudas

BASES DE SUBVENCIONES DE APOIO A CULTURA, DESTINADAS A CENTROS E CASAS CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS. ANO 2017

ANUNCIO

Faise público para xerar coñecemento que por Resolución da Alcaldía, de data 31 de xullo, aprobáronse as bases para:

SUBVENCIONES DE APOIO Á CULTURA, DESTINADAS AOS CENTROS E CASAS CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS. ANO 2017

Polo que se expoñen ao público para que durante o prazo de 30 días naturais contando a partir do día seguinte da publicación do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), os interesados poidan presentar solicitudes para acceder a dita subvención.

BASES DE SUBVENCIONES DE APOIO Á CULTURA, DESTINADAS AOS CENTROS E CASAS CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEAREAS. ANO 2017

1.—OBXECTO

O Concello de Ponteareas, no marco da súas competencias, ten un especial interese en apoiar e poñer en valor os centros e casas culturais do termo municipal de Ponteareas.

Entenderase, en diante, por centro ou casa cultural todos aqueles centros culturais, casas culturais, teleclubs, centros artísticos, etc. incluídos dentro da “Rede de Casas Culturais” do Concello de Ponteareas.

Con este fin, promove unha liña de subvencións que teñen por obxecto colaborar cos gastos de funcionamento e mantemento dos mencionados centros, así como fomentar, impulsar e apoiar as actividades culturais e musicais que estes desenvolven dentro do seu ámbito de actuación.

Estas bases publicaranse por remisión da Base de Datos de Subvencións Nacional do correspondente extracto ao Boletín Oficial da Provincia, extracto que a súa vez ten que ser remitido pola Intervención municipal á Base de Datos citada.



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

2.—*IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA*

As subvencións recollidas nestas bases concederanse con cargo á partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2017, ata un máximo de 40.000 euros. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3.—*BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar estas axudas as asociacións sen ánimo de lucro e legalmente constituídas dos centros e casas culturais do municipio de Pontearreas.

Por cada centro ou casa cultural só será beneficiaria unha asociación.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas asociacións que teñan pendente xustificar subvencións concedidas no exercicio anterior no mesmo programa.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.—*LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN*

As solicitudes e declaracións previstas na base 5, formalizaranse nos modelos normalizados (Anexos: 1, 2, 3 e 4) que se facilitarán no Departamento de Cultura Concello de Pontearreas, ou na páxina web do concello: www.pontearreas.gal, e presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Pontearreas, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 2 de outubro do procedemento administrativo común de Administracións Públicas (LPACAP)

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Non se terán en conta as solicitudes fóra de prazo.

Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

5.—*DOCUMENTACIÓN*

Entregarase no rexistro de entrada do Concello de Pontearreas a documentación que a seguir se relaciona:

- a) A solicitude debidamente cuberta.
- b) Fotocopia cotexada da Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade
- c) Fotocopia cotexada do DNI do representante, xunto coa certificación do secretario declarando o cargo do representante.
- d) Cubrir o documento do anexo 2 que inclúe:



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

1.—Certificado do secretario co nome e cargo do representante da asociación para asinar os documentos que se achegan.

2.—Declaración conforme a asociación no ten ánimo de lucro é está legalmente constituída.

3.—Declaración das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados para o mesmo fin.

4.—Declaración do representante da asociación co número de socios, a cota e os ingresos obtidos a 31/12/2016.

5.—Declaración facendo constar a colaboración do Concello de Ponteareas nos folletos, lonas, carteis, etc. que se realicen para promocionar as actividades, incluíndo os logos normalizados do Concello que se facilitarán no Departamento de Cultura.

e) Certificación de número de conta bancaria do centro e Ficha de Terceiro, debidamente cuberta, se houbo modificacións dende a última concesión (Anexo 3)

f) Memoria da entidade, onde se faga constar a súa traxectoria cultural, asinada polo representante.

g) Memoria explicativa das actividades levadas a cabo pola entidade no ano 2016, detallando o seu importe e asinada polo representante. (anexo 4) onde se indicará a cantidade de eventos que tiveron lugar o ano pasado no seu centro ou casa cultural e o seu financiamento.

h) Orzamento xeral da entidade do ano 2017, especificando os gastos adicados para cada unha das partidas, asinado polo representante.

As memorias e orzamentos estarán debidamente asinados.

6.—EMENDA DE SOLICITUDES

Se a documentación presentada fose incompleta, requiriráselle ao solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, considerarase que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

7.—CRITERIOS DE REPARTO DE AXUDAS

Os centros e casas culturais beneficiarios desta subvención contarán cunha partida económica inicial fixa e igual para todos, por importe de 300 euros, para gastos xerais como limpeza, enerxía eléctrica, ou calquera outra subministración, e, cunha partida económica variable en función da puntuación final acadada como resultado da suma dos apartados 7.1, 7.2 e 7.3, e que a continuación se detallan.



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

Tendo en conta que os beneficiarios contarán cun importe mínimo de 300 €, a contía variable que lle corresponde a cada centro ou casa cultural calcularase dividindo o resto, unha vez deducidos eses 300 € por beneficiario, entre a puntuación obtida por todos e será repartida proporcionalmente entre as diferentes casas e centros culturais.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación os seguintes criterios:

7.1.—Subvención en función do número de socios de cada centro, sempre e cando conste a súa alta e aprobación en asemblea e no correspondente libro de socios.

- a) ata 50 socios: 2 puntos
- b) de 51 a 100 socios: 3 puntos
- c) de 101 a 150 socios: 4 puntos
- d) de 151 a 200 socios: 5 puntos
- e) de 201 a 250 socios: 6 puntos
- f) de 251 a 300 socios: 7 puntos
- g) de 301 a 400 socios: 8 puntos
- h) máis de 401 socios: 9 puntos

A puntuación en función do número de socios de cada centro incrementarase noutros 2 puntos se a entidade acredita documentalmente a cota que cobra aos socios e os ingresos totais en concepto de ingresos derivados das cotas de socios.

7.2.—Subvención en función do orzamento de gastos en actividades culturais e de fomento da cultura galega.

a) Orzamento do presente ano 2017 de gastos previstos pola asociación en actividades culturais: 0,66 puntos por cada tramo de mil euros de gasto ata un máximo de 20 puntos.

b) Gastos en actividades culturais de fomento da cultura galega realizados pola entidade solicitante no ano anterior, 2016. Valorarase con 0,66 puntos por cada mil euros ata un total de 20 puntos.

c) Nivel de autofinanciamento das actividades realizadas: 0,66 puntos por cada mil euros ata un máximo de 20 puntos.

Quedan excluídos deste apartado, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as viaxes de ocio, as excursións, as festas populares e gastronómicas.

Os gastos gastronómicos estarán excluídos, excepto naqueles casos que garden unha relación directa coa actividade do centro e se xustifique a súa necesidade para a mesma.



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

7.3.—Subvención en función do orzamento total de gastos anuais do centro cultural ou casa cultural.

- a) ata 2.000 euros: 3 puntos
- b) de 2.001 euros a 3.000 euros: 4 puntos
- c) de 3.001 euros a 4.000 euros: 5 puntos
- d) de 4.001 euros a 5.000 euros: 6 puntos
- e) de 5.001 euros a 6.000 euros: 7 puntos
- f) de 6.001 euros a 8.000 euros: 8 puntos
- g) de 8.001 euros a 10.000 euros: 9 puntos
- h) máis de 10.000 euros: 10 puntos

A concesión destas axudas é compatible con outras que reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade ou investimento.

8.—RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

Para a resolución de solicitudes crearase unha Comisión de Avaliación que estará constituída polos seguintes membros, todos eles con voz e cun total de tres votos:

- a) Presidente: o alcalde do Concello de Ponteareas e/ou a concelleira de Cultura, con voz e un voto.
- b) Dous vogais: un designado entre o persoal municipal do Departamento de Cultura e outro do Departamento de Intervención municipal. Con voz e voto.
- c) Secretario: designado entre os funcionarios municipais, con voz e sen voto.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe o alcalde.

A Comisión de Valoración verificará que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos na convocatoria. Analizará e valorará as solicitudes e documentación presentadas e emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, coa aplicación dos criterios previstos nestas bases, o cal terá o carácter de proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

Esta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas e na páxina web www.ponteareas.gal, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións, contados a partir do día seguinte a súa publicación.



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

Examinadas as alegacións presentadas, no seu caso, polos interesados, a Comisión de Valoración elaborará a proposta de resolución definitiva que elevará ao órgano competente para resolver, que haberá de expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Na proposta farase constar que, da información que obra no poder da Comisión de Valoración, se desprende que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

9.—NOTIFICACIÓN E DESESTIMACIÓN

O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución será de tres meses segundo o establecido o artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

10.—ACEPTACIÓN, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTOS

Notificada a resolución definitiva, os beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria.

Os beneficiarios da subvención quedan obrigados a acreditar e xustificar o montante total do orzamento presentado coas facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, debendo corresponder o gasto á actividade subvencionada.

A xustificación da subvención poderá presentarse ata o 30 de outubro de 2017.

No caso de que se xustifiquen os gastos polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención. E no caso, de non xustificarse a totalidade do orzamento, a subvención será minorada na mesma proporción.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

A xustificación da subvención acreditarase achegando a seguinte documentación:

- a) Declaración do número de socios e a súa aprobación en asemblea.
- b) Ingresos en concepto de cotas de socios, se fose o caso, aprobado en asemblea, e debidamente acreditados.
- c) Conta xustificativa de gastos nas actividades realizadas, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran na dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, e identificando: acredor e documento, importe, data de emisión, e data de pago.



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

d) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas por importe do orzamento de gastos presentado, debendo corresponder o gasto á actividade subvencionada, e con data comprendida entre o 1 de outubro de 2016 e o 30 de setembro de 2017, ambos inclusive.

e) Declaración do responsable facendo constar a colaboración do Concello de Ponteareas. A colaboración do Concello de Ponteareas deberá tamén figurar nos folletos, carteis, lonas, etc. que se confeccionen para promocionar a actividade.

f) Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas para a mesma finalidade ou, de recibilas, detalle do financiamento obtido.

g) Declaración responsable de terse realizado a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

h) Declaración responsable de que a entidade está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria e Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello de Ponteareas.

11.—DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas non seguintes casos:

- 1.—Por obtelas falseando as condicións requiridas
- 2.—Por non aplicala aos fins para os que foi concedida
- 3.—Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

12.—DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para o non establecido nas presentes bases serán de aplicación as bases de execución do orzamento municipal e demais lexislación aplicable.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación no BOP de Pontevedra do extracto da convocatoria remitida desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

ANEXO 1

**SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA CENTROS E CASAS CULTURAIS
ANO 2017****1. DATOS DO SOLICITANTE***Nome e apelidos do representante:**En calidade de (indicar cargo)**Nome da asociación:**Enderezo:**C.P.**C.I.F.**Localidade**Tfno. ¹**Tfno. ²**e-mail**Fax***2. SOLICITUDE***Subvencións de apoio á cultura, destinadas aos centros e casas culturais do Concello de
Ponteareas. Ano 2017***3. Documentación***Deberá xuntarse a documentación que se relaciona no apartado 5 das bases da
convocatoria.**Data**Asdo o/a solicitante*

, de , 20

Código seguro de verificación: GGY2JK2JA4446ZQI



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

ANEXO 2

D./Dña. []
con DNI número [], na condición de Secretaria/o da Asociación Cultural
[], con enderezo en
[]
e co CIF número []

CERTIFICA

Primeiro.- Que D./Dña. [] con
DNI número [], foi elixida/o Presidenta/e desta asociación na Asemblea
[] do []

Segundo.-Que esta asociación está legalmente constituída e non ten ánimo de lucro.

Terceiro.- Que esta asociación SI/NON solicitou e SI/NON recibiu subvencións doutras administracións para o mesmo fin

Cuarto.- Que a día 31/12/2016 esta asociación tiña [] socios. Que a cantidade
ingresada en concepto de cuotas foi [] euros e que as cotas para dito exercicio
foron []
[]

Quinto.- Que esta asociación fará constar a colaboración do Concello de Pontearreas e
incluírá os seus logos normalizados nos folletos, lonas, carteis, etc. que se realicen para
promocionar as actividades

Pontearreas, [] de [] de 2017

(Selo e rúbrica)

Código seguro de verificación: GGY2JK2JA446ZQI



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

FICHA DE TERCEIROS

1. TIPO DE MOVIMENTO

- Alta de Terceiro
- Modificación de datos de Terceiro
- Datos ordeados para toda operación comercial
- Datos ordeados para operación concreta, cò seguinte detalle:

2. DATOS DO INTERESADO

Primeiro apelido: _____

Segundo apelido: _____

Nome: _____ CIF/NIF: _____

A). EMPRESA:

Razón Social: _____ CIF/NIF: _____

B). ENDEREZO DO INTERESADO OU DA EMPRESA:

Vía Pública _____

Nº: _____ Piso _____ Porta _____ Poboación _____

Provincia _____ Código Postal _____

Teléfono: _____ Fax: _____

Correo Electrónico: _____

Rogo transfirannos todas as cantidades debidas por ese Concello á conta abaixo indicada:

3. DATOS BANCARIOS

Entidade Financieira _____ Sucursal _____

Vía Pública _____ Nº _____

Poboación _____ Código Postal _____ Provincia _____

A). ALTA N° Conta (24 díxitos incl. IBAN):

B). BIC (CODIGO DE IDENTIFICACIÓN BANCARIA):

Pola Entidade Financieira, e con data _____ certificamos que a conta sinalada figura aberta nesta Entidade a nome do interesado ou razón social no caso de empresas como titular.

(Sinatura, data e Selo da Entidade Financieira)

De conformidade co disposto na normativa referente á protección de datos, os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular destes pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello de Ponteareas

Lugar, data e sinatura do interesado.

En _____, a _____

Asdo: _____



Martes, 8 de agosto de 2017

Núm. 151

ANEXO 4
NÚMERO DE ACTIVIDADES FEITAS NO 2018

| ACTIVIDADE | DATA | AUTOFINANCIADO | FINANCIADAS POR ORGANISMOS PÚBLICOS | INTERCAMBIO |
|-----------------------------------|------|----------------|-------------------------------------|-------------|
| OBRAS DE TEATRO | | | | |
| EXPOSICIÓNS | | | | |
| CERTAMES E FESTIVAIS | | | | |
| CERTAMES E FESTIVAIS FOLCLORICOS | | | | |
| CHARLAS, COLOQUIOS E CONFERENCIAS | | | | |
| CONCERTOS | | | | |
| MONÓLOGOS | | | | |
| MAXIA | | | | |
| FESTAS INFANTÍS | | | | |
| FESTAS POPULARES | | | | |
| OUTROS 1 | | | | |
| OUTROS 2 | | | | |

Ponteareas, asinado dixitalmente

Código seguro de verificación: GGY2JK2JA446ZQI

